

Canastros 4 a 6

030238

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator:	3206204
Coord. UTM:	X: 59492300 Y: 465262300
Concello:	Porqueira
Parroquia:	PORQUEIRA
Lugar:	Fontemoura
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Construcións de Almacenamento
Subtipo:	Canastro



Denominación:	Canastros 4 a 6
Etaqa Histórica:	Idade Contemporánea
Estilo relevante	Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Conxunto de tres canastros situados nunha beira da praza do pobo. Un dos hórreos é de reducidas dimensións e os outros dous exemplares xa son de maior envergadura. O máis pequeno consta de catro pés, enriba de dous deles descansa unha mesa de pedra e sobre os dous restantes outros tantos tornarratos en forma de roda. A pequena cámara cérrese nos lados costais mediante unha sucesión de doelas verticais unidas por cintas. Nun lado penal a madeira foi totalmente substituída nunha reforma recente do canastro, de xeito que as doelas cambiáronse por unhas táboas anchas. A porta de entrada está no outro dos lados penais. Cuberta a dúas augas con tella romana. O segundo dos exemplares está formado por seis pés e outros tantos tornarratos en forma de roda. Enriba deste complexo descansa o corpo do hórreo, cerrado nos lados costais mediante tres paneis de doelas separados por columnas de madeira. As doelas, colocadas en posición vertical quedan unidas entre sí mediante cintas. Debaxo das cintas aprécianse cravados en diagonal uns balaustres que serven de reforzo para a unión entre doelas. A porta de acceso atópase nun dos lados penais. Cuberta a dúas augas con tella curva. O último canastro do conxunto consta de seis pés. Non se emprega ningunha modalidade de tornarratos, de xeito que sobre os esteos xa se apoia o corpo do hórreo. Este corpo péchase nos lados costais con tres lenzos de doelas verticais atravesadas por faixas. A porta de acceso notablemente alterada por engadidos posteriores ó seu estado orixinario, atópase nun dos lados penais. Cuberta a dúas augas con tella curva.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Madeira e pedra

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 50m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 449 / 1973 do Ministerio de Educación y Ciencia.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Almacenamento / Sen uso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Dos tres canastro, o primeiro en ser descrito atópase en bo estado de conservación gracias a unha intervención recente que se acometeu no ben. O segundo deles consérvase regularmente e o último atópase en mal estado de conservación.

Bens Mobles





